



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J



PROGRAMA CONCILIA BUEU 2020

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2.l) que é competencia municipal a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”. Así mesmo, o artigo 25.2.m) indica que é competencia municipal a “promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Máis concretamente, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, fai fincapé na necesidade de levar a cabo políticas e actividades que permitan garantir a conciliación laboral e familiar das persoas.

O 13 de marzo deste ano decretouse un estado de alarma debido á Covid-19, cuxa medida primeira foi establecer o confinamento domiciliario da cidadanía, polo que as familias tiveron que continuar cos seus traballos, ben pola fórmula de teletraballo ou presencial, mentres se facían cargo da atención dos e das menores, que tampouco puideron asistir en todo este tempo aos centros educativos ou garderías. Tras case catro meses nesta situación, o Concello de Bueu é consciente da necesidade que existe de que dende as administracións se habiliten os mecanismos e iniciativas necesarias para que durante a tempada estival os nenos e nenas de entre 3 e 12 anos conten con alternativas de ocio adaptadas ás circunstancias actuais, o que reverterá na conciliación laboral e familiar. Ante esta necesidade imperiosa, e debido á extraordinaria situación actual, o Concello de Bueu pon en marcha o PROGRAMA ‘CONCILIA BUEU’, no que se proporán durante as mañás de xullo e agosto diversas actividades para a cativada, relacionadas coas temáticas de patrimonio arquitectónico e cultural, medio ambiente, artes plásticas e escénicas, e cociña e alimentación saudable.

As circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria do COVID-19, e logo de superar a etapa de confinamento, fan máis necesario que nunca poder ofertar un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos mozos e mozas que lles permita beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos. Así, a oferta comprenderá actividades para desenvolver en diversos espazos, coas adaptacións necesarias en canto a limitacións de aforo máximo nas instalacións xuvenís ofertadas e reforzo das medidas hixiénico-sanitarias.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J



1. Obxecto

Convocar a adxudicación de prazas no programa Concilia Bueu dependente da Concellaría de Servizos Sociais.

2. Requisitos para ser adxudicatario/a

a) Que a nena ou neno teña unha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos.

3. As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1º As nenas e nenos que xustifiquen empadroamento en Bueu dun mínimo de 3 meses. Ditas prazas adxudicaranse seguindo a orde de puntuación obtida pola aplicación do baremo que figura no ANEXO II.

2º De existiren prazas vacantes poderán optar a estas nenas e nenos empadroados noutros concellos.

No caso de empate prevalecerá a orde de presentación de solicitudes.

4. As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- a) ANEXO II, relativo a solicitude de participación.
- b) Xustificante de empadroamento, no caso de non permitir a consulta.
- c) Fotocopia tarxeta demandante de emprego, no caso de estar nesta circunstancia.
- d) Fotocopia libro de familia, ou outro documento que acredite esta información.
- e) Certificado/Xustificante de empresa con data do presente mes, no caso de estar en ocupación laboral.

5. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

1. Poderanse presentar as solicitudes presencialmente ou ben mediante a Sede Electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>).

2. O prazo de presentación de solicitudes é dende o 17 de xuño de 2020 ata o 23 de xuño de 2020.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J



6. Información básica sobre protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Bueu coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

7. Calendario

O programa desenvolverase entre o 1 de xullo de 2020 e o 31 de agosto de 2020.

NOTA IMPORTANTE: xs proxenitores ou titores legais dxs participantes admitidxs deberán presentar unha **Declaración responsable** de que **nin x nenx** admitidx no programa **nin ninguha** perosa do seu entorno mais próximo presentase sintomatoloxía de **COVID-19** nos **15 días** anteriores ao comezo da actividade.

Dita **Declaración responsable** estará assinada con **data de 30 de xuño de 2020** e será entregada o día do comezo da actividade (**1 de xullo de 2020**)